



IV. ENTIDADES LOCAIS IV. ENTIDADES LOCALES

Baltar

Anuncio

Convocatoria no proceso selectivo para a contratación laboral que se indica a continuación, segundo as bases aprobadas por resolución da Alcaldía con data 04/12/2018:

- 1.- Número e denominación das prazas: 8 auxiliares de axuda a domicilio.
- 2.- Modalidade de contratación: contrato laboral temporal a xornada parcial (20 horas semanais).
- 3.- Duración do contrato: seis meses.
- 4.- Sistema de selección: concurso de méritos.
- 5.- Retribucións brutas mensuais: 484,10 €/mes (incluídos pppe).
- 6.- Lugar e prazo de presentación de instancias: 5 días naturais contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP, no rexistro do Concello de Baltar, en horario de 09.00 a 14.00 horas, ou por calquera dos medios admitidos en dereito.
- 7.- Exposición das bases: o texto completo das bases de selección están publicadas no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica municipal.

Baltar, 4 de decembro de 2018. O alcalde.
Asdo.: José Antonio Feijóo Alonso.

Anuncio

Convocatoria en el proceso selectivo para la contratación laboral que se indica a continuación, según las bases aprobadas por resolución de la Alcaldía de fecha 04/12/2018:

- 1.- Número y denominación de las plazas: 8 auxiliares de ayuda a domicilio.
- 2.- Modalidad de contratación: contrato laboral temporal a jornada parcial (20 horas semanales).
- 3.- Duración del contrato: seis meses.
- 4.- Sistema de selección: concurso de méritos.
- 5.- Retribuciones brutas mensuales: 484,10 €/mes (incluidas pppe).
- 6.- Lugar y plazo de presentación de instancias: 5 días naturales contados desde el día siguiente a la publicación de este anuncio en el BOP, en el registro del Ayuntamiento de Baltar, en horario de 09:00 a 14:00 horas, o por cualquiera de los medios admitidos en derecho.
- 7.- Exposición de las bases: el texto completo de las bases de selección está publicado en el tablón de anuncios del ayuntamiento y en la sede electrónica municipal.

Baltar, 4 de diciembre de 2018. El alcalde
Fdo.: José Antonio Feijóo Alonso.

R. 3.639

Carballeda de Valdeorras

Bases de selección para a contratación laboral temporal, a través da modalidade contractual de servizo determinado para o ano 2019 dun/ha traballador/a social para a prestación do servizo social comunitario (básico e específico) na agrupación establecida no seu día para tal finalidade entre os concellos de Rubiá e Carballeda de Valdeorras (correspondendo no exercicio 2019 a contratación de/a traballador/a social ao Concello de Carballeda de Valdeorras)

1ª.- As presentes bases teñen por obxecto a contratación temporal dun/ha traballador/a social baixo a modalidade

contractual de servizo determinado, a xornada completa, con duración do contrato desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019, para realizar as tarefas propias da prestación do servizo social comunitario (básico e específico) na agrupación establecida no seu día para tal finalidade entre este concello e o Concello de Rubiá. A súa xornada laboral repartirase a partes iguais entre ambos os dous concellos, traballando por días alternativos en cada un deles, sendo pola súa conta os gastos de desprazamento ata o centro de traballo correspondente.

A retribución mensual será de 1.356,99 €, máis o incremento legal que para o persoal laboral ao servizo do sector público establézase na Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2019.

2ª.- O sistema de selección será concurso de méritos; a selección farase mediante a avaliación dos seguintes méritos, e de conformidade coa puntuación que se indica:

a) Por cada mes completo de servizos prestados en calquera das entidades que de conformidade co disposto no art. 3.1 e 2 da Lei 7/1985, integran a Administración local, en igual posto de traballo que o que é obxecto da convocatoria, actualmente denominado servizos sociais comunitarios municipais, básicos e específicos (anteriormente servizos sociais comunitarios básicos ou de atención primaria), de conformidade co previsto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais, e no Decreto 99/2012, de 16 de marzo, de 0,50 puntos/mes completo, ata un máximo de 20 puntos; valorándose coa mesma puntuación (0,50 puntos/mes completo) a acreditación de prestación de servizos sociais de base ou atención primaria nunha entidade local.

b) Por ter realizado actividades formativas cunha duración individual mínima de 20 horas, sobresa as áreas de traballo de:

1.- Xestión do servizo de axuda a domicilio; infancia; mocidade; igualdade; muller; adiccións; xeriatría e voluntariado outorgarase 1 punto por curso realizado nas devanditas áreas de traballo.

2.- Sobre outras áreas que teñan relación co obxecto do posto de traballo: 0,10 puntos por curso realizado.

A valoración máxima do apartado b), será de 5 puntos.

c) Por acreditar o coñecemento da lingua galega outorgarase a seguinte puntuación:

- 0,10 puntos por estar en posesión do Celga 1.
- 0,20 puntos por estar en posesión do Celga 2.
- 0,50 puntos por estar en posesión do Celga 3.
- 1 punto por estar en posesión do Celga 4.

En caso de empate terá preferencia o/a candidato/a que acredite unha maior prestación de servizos no posto de traballo obxecto da convocatoria; é dicir prestación social comunitario básico e específico (anteriormente denominado servizo social de base ou atención primaria), na Agrupación establecida no seu día para tal finalidade entre este concello e o Concello de Rubiá.

3ª.- As instancias nas que se solicite participar nas probas selectivas, dirixidas á alcaldesa presentaranse no Rexistro da Corporación, en horas de oficina - de 9.00 a 14.00 horas - durante o prazo de 3 días hábiles a partir da publicación da convocatoria no BOP de Ourense. Se, ao amparo do previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, preséntase a instancia no rexistro doutra Administración pública ou na Oficina de Correos, comunicárase a dita presentación a este concello mediante fax (n.º: 988335379) ou correo electrónico (administracion@concellocarballedavaldeorras.com) con anterioridade á expiración do prazo de presentación de solicitudes ou instancias;